



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

Refraneiro galego

VII. Tarde piaches!



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA



Refraneiro galego VII

Serie tomando como “*soporte*” famosos refráns e expresións típicas de Galicia.

Cap. I: <i>Nunca choveu que non escampara.</i>	Cap. IV. <i>Malo será.</i>
Cap. II: <i>Outra vaca no millo.</i>	Cap. V. <i>Estar na horta e non ver as verzas.</i>
Cap. III. <i>Nin arre nin xo.</i>	Cap. VI. <i>Galiña vella fai bo caldo.</i>
	Cap. VII. <i>Tarde piaches!</i>

Nesta ocasión imos comezar con dúas imaxes: a do dicionario da Real Academia Galega (DRAG) e a da Real Academia Española (DRAE).

Por que?


Porque, a diferenza doutras expresións que se usan en galego procedentes doutras linguas, esta é de orixe galega.

- No dicionario galego, figura esta frase co significado de que alguén se decidiu demasiado tarde por algo (nun momento que non ten volta atrás, cando xa non é posible acadalo)

The screenshot shows the website of the Real Academia Galega. At the top, there is a navigation bar with the logo and the text 'REAL ACADEMIA GALEGA'. Below it, there are links for 'BIBLIOTECA', 'HEMEROTECA', 'ARQUIVO', and 'PUBLICACIÓNS'. A secondary navigation bar contains 'A LINGUA', 'A INSTITUCIÓN', 'LETRAS GALEGAS', 'COMUNICACIÓN', and 'DICCIONARIOS'. Below this, there are search options: 'BUSCA SIMPLE' (highlighted), 'SINÓNIMOS', and 'BUSCA AVANZADA'. A search bar contains the word 'piar' and a magnifying glass icon. Below the search bar, there are three checkboxes: 'Ver exemplos' (unchecked), 'Ver marcas expandidas' (checked), and 'Busca predictiv.' (checked). The main content area shows the word 'piar' with a 'Conxugar' button and a speaker icon. Below this, it is identified as a 'verbo intransitivo' with two definitions: 1. [Paxaro, cría dunha ave] dar píos. 2. coloquial [Persoa] anhelar moito algo ou a alguén. There is a section titled 'FRASES E EXPRESIÓNS CON piar' with a dropdown arrow. Under this section, the phrase 'Tarde piaches' is listed with its definition: 'Expresión que indica que alguén se decidiu moi tarde por algo, cando xa non ten posibilidades de conseguir o que se propón.'

- No dicionario castelán, figura:
 - ⇒ a versión mais estendida da orixe de esta expresión (tragar un ovo “*empollado*”, que xa ten un pitíño, un paxariño dentro), que conleva a imposibilidade de volver atrás.

⇒ outro matiz de significado: non atoparse a tempo do que sexa (como alternativa a chegar tarde).

 Consulta posible gracias al compromiso con la cultura de la 

piache

Artículo

tarde piache

Del gall. *tarde piache*, 'tarde piaste', frase que la tradición atribuye a un soldado que, al tragarse un huevo empollado, oyó piar al polluelo.

1. expr. coloq. U. para indicar que alguien llegó tarde, o no se halló a tiempo en un negocio o pretensión.

A expresión “*tarde piaches*” (ou a súa variante mais longa “*tarde piaches pito serodio*”) úsase cando alguén se lembrou tarde dalgunha cousa e xa non ten posibilidades de conseguir o que se propoñía.

Tamén se utiliza cando unha queixa, unha reclamación, unha xustificación son tardías (de aí “*serodio*”), de xeito que resulta practicamente imposible atendelas, porque non se está a tempo de facer cambios (sería o equivalente a facer ou dicir algo “*a toro pasado*”).

Dito en castelán, é un “*chegas tarde*” con maiúsculas.

Ai!, pero se cho din en galego, aprende se queres para outra vez (e non insistas), porque a possibilidade de reclamación ou queixa é inexistente.

E como estamos no “*apartado*” de igualdade, avisamos: O recoñecemento da igualdade de talento, dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (e, por extensión, de calquera persoa), é imparabile; institucións, clase política, organizacións, entidades (todas cheas de mulleres e de homes), xa se sumaron ao carro da igualdade. Porque ademais de necesario, é de xustiza.

Se non queres que a ti che digan “*Tarde piaches!*” porque perdiches talento, porque non es quen de atraelo, porque a túa organización non está á altura...súmate.

Xa!!

Se precisas apoio ou apoio técnico, podes contactar co noso Gabinete de Igualdade:

igualdade@ceg.es

981 555 888